



As 11 horas do 17 de marzo de 2020 estaba previsto a celebración dunha poxa de madeira no salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo.

Con data 14.3.2020 publicouse no BOE o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, o que supuxo, segundo a súa Disposición adicional terceira, a suspensión dos prazos administrativos.

Con data 23.5.2020 publicouse no BOE a Resolución do 20 de maio de 2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, na que se establece no seu apartado décimo: *“Con efectos desde o 1 de xuño de 2020, derrogarase a disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, relativa á suspensión de prazos administrativos. Desde esa mesma data, o cómputo dos prazos que fosen suspendidos renovarase, ou se reiniciará, se así se previu nunha norma con rango de lei aprobada durante a vixencia do estado de alarma e as súas prórrogas.”*

Por este motivo, infórmase da reanudación dos prazos administrativos a partir do 1 de xuño e tendo en conta que restaban tres días para a data de celebración da poxa, esta terá lugar o **día 4 de xuño as 11 h. no salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia**, Ronda da Muralla, 70- Lugo.

Tendo en conta que o aforo do salón é limitado, tan só poderán asistir unha persoa por empresa participante, provista de invitación.

Lugo, 01 de xuño de 2020
O xefe do Servizo
Miguel A. Cela González

